



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

Obradoiro emprego Carballo COIDA II-Anuncio bases e convocatoria de selección equipo directivo, docente e de apoio.

Anuncio

Aprobación das Bases específicas e convocatoria para a selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro dual de emprego "CARBALLO COIDA II".

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 3145/2023 de 13 de novembro de 2023 aprobáronse as bases específicas e a convocatoria para a selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro dual de emprego "CARBALLO COIDA II", especialidade formativa SSCS0208: Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, coas seguintes categorías profesionais:

- Director/a (xornada completa)
- Mestre da especialidade Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (rama sanitaria) (xornada completa)
- Mestre da especialidade Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (rama psicosocial) (xornada completa)
- Mestre/a titor/a para a impartición dos módulos de Educación básica, Orientación e información profesional, formación empresarial e asesoramento e os módulos de formación complementaria (75% da xornada).
- Auxiliar administrativo/a (media xornada).

As bases están dispoñibles na Sede electrónica do concello de Carballo, no portal de emprego do Concello de Carballo e páxina web municipal (www.carballo.gal).

O prazo de presentación de instancias é de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, faranse públicos na Sede electrónica do concello de Carballo, e no taboleiro do Edificio Fórum Carballo, así como na páxina web do Concello de Carballo (www.carballo.gal).

Carballo, 13 de novembro de 2023

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2023/9035